

Sobre lingua e identidade(s): algunhas teorías, traballos e retos

About language and identity(ies): some theories, works and challenges

Xandra SANTOS PALMOU

Universidade de Santiago de Compostela
Instituto da Lingua Galega
xandra.santos@rai.usc.es

[Recibido, febreiro 2007; aceptado, marzo 2007]

RESUMO

Neste artigo pretendemos explicar as relacións entre lingua e identidade para salientar a importancia da segunda no estudo da primeira nos contextos multilingües e multiculturais coma no caso de Galicia ou, en xeral, nas Comunidades Autónomas con lingua propia dentro do Estado español.

Así mesmo, queremos expor algúns traballos e metodoloxías ofrecidas dende o ámbito da psicoloxía social para explicar a relación entre a identidade e os grupos lingüísticos. Coidamos interesante tirar destes fíos para posibles traballos nos que se traten ambos aspectos como un bo xeito de axudar a comprender as tendencias, actitudes e condutas na nosa sociedade.

PALABRAS CHAVE: Contacto de linguas e de culturas, interdiscipliniedade, identidade social, identidade e vitalidade etnolingüística.

SANTOS, X. (2007): "Sobre lingua e identidade(s): algunhas teorías, traballos e retos". *Madrygal (Madr.)*, 10: 127-133.

RESUMEN

En este artículo pretendemos explicar las relaciones entre lengua e identidad para resaltar la importancia de la segunda en el estudio de la primera en los contextos multilingües y multiculturales como es el caso de Galicia o, en general, en las Comunidades Autónomas con lengua propia dentro del Estado español.

Asimismo, queremos exponer algunos trabajos y teorías ofrecidas desde el ámbito de la psicología social para explicar la relación entre la identidad y los grupos lingüísticos. Consideramos interesante tirar de estos hilos para posibles trabajos en los que se traten ambos aspectos como un buen modo de ayudar a comprender las tendencias, actitudes y conductas en nuestra sociedad.

PALABRAS CLAVE: Contacto de lenguas y de culturas, interdiscipliniedad, identidad social, identidad y vitalidad etnolingüística.

SANTOS, X. (2007): "Sobre lengua e identidade(s): algunas teorías, trabajos y retos". *Madrygal (Madr.)*, 10: 127-133.

ABSTRACT

In this paper we would like to explain the relations between language and identity in order to emphasize the importance of the second one in the field of study of language in multilingual and multicultural contexts like in Galician example or, in general, in bilingual communities inside the Spanish state.

We will examine some research works and theories done in the social psychology field that help to explain the relation between the identity and the Galician linguistic community. We also consider like an important task propose hypothetical research works conjugating both aspects: language and identity.

KEY WORDS: Language and cultural contact, interdisciplinary, social identity, ethnolinguistic and vitality identity.

SANTOS, X. (2007): "About language and identity(ies): some theories, works and challenges". *Madrygal (Madr.)*, 10: 127-133.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. Un traballo interdisciplinario. 3. Lingua e identidade(s): a importancia da relación. 4. O concepto de Identidade Social e as súas aplicacións á lingua: o caso galego. 5. Cabo. 6. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

As diversas transformacións e rápidos cambios socioeconómicos e simbólicos moldean o panorama social actual, deseñan os novos grupos sociais e imprimen nos individuos o ritmo marcado polos recentes modelos de capitalismo, que é movido pola engrenaxe da globalización. Estas evolucións, que se corresponden co abandono da modernidade e co paso cara á posmodernidade, producen diferentes xeitos de ver as linguas, identidades culturais e lingüísticas máis complexas, grupos sociais en proceso de cambio e proclives a redefinir as súas actitudes e condutas. Asemade, en contextos multiculturais e multilingüísticos, coma no caso do Estado español, cómpre atender en maior medida a estas tendencias na medida en que nos axudan a coñecer as sociedades coas que contamos para axustar as políticas lingüísticas aos diferentes grupos sociais cara aos que deben ir orientados os nosos esforzos e o distintos xeitos nos que debemos facelo.

2. UN TRABALLO INTERDISCIPLINARIO

Dentro das funcións da lingua, a *función de identidade* no estudo da lingua pode ser entendida como a “referencia ao interior do individuo, en canto que a lingua lle serve como canle de articulación do seu pensamento” (Álvarez Sousa 2005, 19-24). Por outra banda, dentro da lingüística variacional as novas análises superan as tradicionais dando entrada a unha nova dimensión: a linguaxe como manifestación da conduta humana, entendida como o recurso máis rico e complexo para a comunicación que é acumulado e controlado pola mente das persoas. Vencellar a lingua con diversos campos e centrar o interese nas relacións entre sistemas, usos lingüísticos e feitos sociais fai que xurdan novas disciplinas que consideran os aspectos sociais da lingua de forma central. Dende o momento en que os lingüistas tentan diluír estes límites estritos vanse interesar polas relacións entre novas disciplinas como a antropoloxía lingüística, a etnolingüística, a psicoloxía

social, a socioloxía da linguaxe e a sociolingüística (Pradilla 2003: 2-10). Para Shuy & Fasol o feito de considerar os aspectos sociais das linguas débese, por unha parte, ao desexo de buscar unha base empírica sólida para a teoría lingüística, por outra, á convicción de que os factores sociais que inflúen no uso constitúen un tema de estudo moi lexítimo na investigación lingüística e, por último, á necesidade de buscar solucións urxentes para aplicalas aos problemas educativos e doutros tipos en situacións de contacto lingüístico (Shuy & Fasol 1972:1-14).

Así pois, dende as ciencias sociais desenvólvense determinados presupostos teóricos que teñen que ver co concepto de identidade e que non se tratan con demasiada familiaridade nos traballos lingüísticos. Deste xeito, queremos non só resaltar a importancia que lle concedemos ao estudo das identidades en relación coa lingua, senón tamén a necesidade de mostrar, comparar e compartir resultados entre ambos os dous eidos; a lingüística e as ciencias sociais. Dentro destas últimas, a psicoloxía social vén desenvolvendo nas últimas décadas un importante labor para incorporar a lingua aos estudos centrados nos grupos sociais e as súas relacións, aplicados sobre todo a contextos multilingües e multiculturais.

Asemade, maniféstase unha revitalización da importancia da linguaxe na psicoloxía social actual debido a dous conceptos: a “unidade da ciencia” e o debilitamento das fronteiras entre as ciencias sociais. Ambas características favorecerán a interdisciplinariedade e, con ela, posibilitarán o pulo da linguaxe e a lingüística na psicoloxía social. Este novo aspecto cobra forza ao considerar a linguaxe como medio de interrelación entre a mente e a realidade; a linguaxe como a actividade humana na que se manifesta o noso coñecemento da realidade (Collier, Minton & Reynolds, 1996 *apud* Azurmendi 2000: 46-47). Así, a linguaxe revélase como un alicerce básico para a análise do comportamento social por dous motivos: permite a comunicación e maniféstase como o modo principal de representar e transmitir calquera tipo de coñecemento. Dentro da atención que se lle presta á lingua dende estas palestras, as situacións de contacto de linguas e os grupos lingüísticos son as cuestións que máis interese suscitan na actualidade (Azurmendi 1987 e 2000).

No entanto, coidamos que cómpre aínda profundar neste matrimonio por conveniencia dende a (socio)lingüística e premer a tecla da psicoloxía social para complementar resultados.

3. LINGUA E IDENTIDADE(S): A IMPORTANCIA DA RELACIÓN

Grosso modo, podemos afirmar que os procesos de cambio produciron un debilitamento do modelo “lingua-estado-nación” que foi característico de etapas previas pero, pola contra, manifestáronse tamén en contra da diversidade, en xeral, e da diversidade lingüística, en particular. Non obstante, esas análises globais poden resultar insuficientes para explicar os procesos contrarios que se dan no noso contexto e que se manifestan en estratexias de resistencia, desenvolvidas por actores sociais coa finalidade de manter unha identidade propia diferenciada, fronte ás forzas uniformizadoras. Deste xeito, a situación de cambio pode tamén ser favorable xerando novas identidades en relación ás linguas minorizadas por vía dun proceso de *relocalización* (Beck 1998 *apud* Iglesias & Ramallo 2003: 117-132). Neste sentido, unha lingua minorizada convértese nunha dimensión fundamental para (re)construír identidades resistentes cando que se erixe en principal vehículo de expresión dunha diferenza cultural. Pero tamén por este mesmo motivo, o estudo da relación entre lingua, cultura e identidade ten neste último un diacrítico a ter en conta como marca de determinadas pautas lingüísticas. A identidade resulta unha variable de grande interese para explicar diferentes sentimentos de pertenza, crenzas, actitudes e condutas nunha mesma Comunidade Autónoma como a galega na que conflúen diferentes grupos sociais e perfís lingüísticos e culturais. E, viceversa, definir os diferentes grupos sociais que se xeran en canto á lingua e os seus perfís psicosociais resulta rendible e predictivo cando pretendemos deseñar unha determinada política lingüística ou dirixir as nosas accións cara a actitudes e condutas de colectivos concretos.

Nun traballo recente sobre multilingüismo e identidade múltiple Mauro A. Fernández expresou a relevancia que hoxe en día adquiriu o termo identidade para as análises feitas dende a sociolingüística:

Y no es que los lingüistas, especialmente los sociolingüistas, no usemos habitualmente ese término [identidad]. Dificilmente se puede hablar hoy de variación lingüística, o de cualquier otro de los temas dominantes en la disciplina, sin que desemboquemos de una u otra manera, en el tema de la identidad (A. Fernández 2000: 47-58.)

Pero, canda a isto, amosa tamén que esta preocupación por recorrer á identidade non se tradu-

ce nun seguimento xenealóxico e designativo que vaia acompañado de liñas introdutorias para caracterizar a especialidade, delimitar os seus marcos de actuación e/ou obxectos de estudo, explicar as diferentes teorías que a desenvolven e as posibles ambivalencias terminolóxicas.

Malia a todo isto, medir a importancia que os actores sociais lle conceden á lingua na tarefa de construción dunha identidade require pór atención ao contexto que se analice, posto que a centralidade da lingua como factor identitario varía en gran medida en función disto. A este respecto Giles apunta que:

Para algunha comunidades etnolingüísticas, coma os francófonos de Québec ou os galeses, compartir unha mesma lingua é considerado un símbolo de semellanza e identidade, por encima do resto do patrimonio cultural. Para os galeses, concretamente, a lingua falada é un elemento máis destacado para percibir semellanzas cá procedencia nacional, de xeito que se chegan a identificar máis cun inglés que fale galés ca cun galés que fale inglés. Porén, para comunidades coma a escocesa, e moitas minorías de inmigrantes en todo o mundo, a lingua é un símbolo relevante da identidade étnica (Giles et al. 1977 *apud* Recalde 1997: 104-119)

Canda a estas diferenzas podemos clasificar as colectividades en catro tipos en función dos diferentes modos de identidade que os caracterizan. Así, progresivamente de maior a menor saliencia da lingua como marcador étnico: comunais, minoritarias, étnicas e nacionais (Ross 1979). Do mesmo xeito, a diferenza entre o segundo e o terceiro estadio reside na ausencia ou existencia dunha mobilización grupal na que o grupo minorizado toma conciencia da súa identidade colectiva para a defensa dos seus intereses fronte ao endogrupo dominante. Por iso, non resulta difícil clasificar o caso galego como o dunha *comunidade étnica* na que existe este proceso de reivindicación que non conta cun estado propio, pero na que existen determinados grupos lingüísticos cunha forte identidade galega que percibe a súa lingua nativa ameazada. O cal se traduce en movementos sociais a prol da defensa da lingua e culturas propias (Recalde 1997). Non obstante, sería ben interesante coñecer en que grupos sociais e tipos etnolingüísticos se dá este proceso e en cales non.

Igualmente, cabe destacar que a importancia concedida á lingua como principal descriptor identitario depende en gran medida do concepto de identidade que se aplique e das dimensións

que cada comunidade e/ou grupo social escolla para identificarse entre un *nós* e distinguirse fronte aos *outros*. A este respecto, diferentes traballos que se levan feito no contexto galego atendendo a esta relación afirman a relevancia da categoría lingüística xunto coa cultural como factores que activan as diferenzas con respecto ao exogrupo de referencia. Por unha banda, están os que establecen unha dicotomía entre *urbanitas* e *ruralitas* para explicar o nivel de importancia concedido á lingua no proceso de diferenciación identitaria ofrecendo, así, unha explicación baseada no tipo de hábitat e na distinta extensión que a lingua galega ten en cada un para explicala. Daquela, os primeiros restaríanlle importancia fronte aos segundos, que recorren a ela para o proceso de *relocalización* explicado anteriormente. Non obstante, resulta en certa medida contraditoria esta conclusión á luz dos postulados teóricos dos propios autores, cos que coincidimos cando afirman, seguindo a Bourdieu, que para a formación de identidades os factores relevantes non son *naturais* posto que “son en grande parte produto dunha imposición arbitraria” (Iglesias & Ramallo 2003: 119-120). Pola contra, outra vía para explicar o carácter distintivo das persoas márcaa o estudo da natureza social dos individuos. Por iso, os cimentos dos procesos de creación de identidades subxectivas resultan da comparación e sentimento de pertenza e exclusión con respecto a identidades colectivas, imaxes culturais e ideoloxías sociais (Álvarez, Fernández & Rodríguez 2004: 165). Así pois, logo de definidas estas identidades cómpre estudalas en relación coa importancia concedida á lingua e xunto coas percepcións e condutas que levan asociadas.

4. O CONCEPTO DE IDENTIDADE SOCIAL E AS SÚAS APLICACIÓNS Á LINGUA: O CASO GALEGO

Neste apartado tentaremos dar conta dalgunhas teorías xurdidas entorno ás linguas e ás identidades. Trátase de teorías de carácter construtivista que, como xa anotamos máis arriba, non derivan dunha concepción esencialista nin ven a identidade como algo dado ou permanente. Máis ao contrario, vena como un elemento construído pola subxectividade colectiva. Asemade, podemos atinxilas a todas elas coas seguintes características (A. Fernández 2000: 50-51):

1. Son teorías xerais sobre procesos de grupo que non teñen nada que ver coas relacións de tipo interpersoal que non son grupais.
2. Están centradas nas relacións posto que un grupo precisa do contraste con outro para desenvolver unha identidade étnica propia.
3. Cando falan de conduta abarcan as tendencias xerais do grupo.
4. Son teorías cognitivas.
5. Os procesos grupais non deben ser vistos como unha ampliación dos interpersoais.

En primeiro lugar, para definir o concepto de identidade recorreremos ás explicacións dadas por Tajfel pola importancia que cobraron as súas contribucións e por ser o puntal base para moitas outras. Segundo este autor, a teoría a *Identidade Social* é unha representación interna de un mesmo como membro dun grupo social, que implica compoñentes cognitivos e afectivos. Un individuo leva a cabo a *comparación* intergrupar por medio dun proceso de *categorización* no que procura “similitudes” dentro dunha mesma categoría e “diferenzas” con respecto a outras (Tajfel & Turner 1986). O froito desta busca de semellanzas e diferenzas desenvolve sentimentos de pertenza a grupos sociais que conduce a minimizar as diferenzas intragrupo e maximizar as diferenzas entre grupos. Nestes procesos de categorización entran en xogo diferentes aspectos: cognitivo e emocional. O primeiro refírese á autopercepción dun suxeito con respecto a un grupo, é dicir, como se definen e consideran, mentres que o segundo punto ten que ver cun subproceso emocional e cualitativo dentro do proceso de identificación, que se manifestan no grao de felicidade e satisfacción coa súa identidade. Isto é, por unha parte está como se ven os individuos e por outro se están a gusto ou non con esta percepción. Estes dous aspectos determinan a “*calidade da identidade social*”, que pode ser *positiva* ou *negativa*.

Á luz desta teoría podemos explicar algunhas condutas ora de asimilación ora de lealdade lingüística. Deste xeito, o aspecto emocional desta teoría resulta interesante desde o punto de vista dalgunhas tendencias cara ao cambio lingüístico no senso de que:

a mayor diferencia o distancia entre los aspectos cognitivos y emocional en la identificación social etnolingüística, mayor importancia adquiere el aspecto emocional para predecir la orientación del cambio identitario y, a la inversa, a menor distancia entre los aspectos cognitivo y

emocional, más redundantes resultarán ambos aspectos entre sí en el proceso de identificación social (Azurmendi, Bourhis & Ros 1998: 559-589)

Os resultados obtidos en diferentes traballos amosan que moitos aspectos relacionados coas linguas autonómicas do Estado, como poden ser a competencia, o uso ou as actitudes, resultan interdependentes tanto da *identificación etnolingüística* coma da *vitalidade etnolingüística*. Aínda que, ao mesmo tempo, tamén cómpre distinguir entre o uso dunha determinada lingua e o prestixio e forza que o seu grupo lingüístico poida ter (Romay & García 1997: 146-161).

A explicación desta relación vén dada pola propia estrutura da identidade social xa que unha das categorías centrais coa que un individuo chega a diferenciarse doutros grupos e que lle proporcionan unha identidade social propia é a lingua, xuntamente coa cultura. En contextos nos que conviven máis dunha cultura e lingua, estas categorías cobran unha relevancia especial como elemento de definición identitaria. Por este motivo, a lingua e a identidade étnica teñen unha estreita relación de reciprocidade que fai de grande utilidade partillar o seu estudo. Por unha banda, como xa dixemos a lingua ten un papel central para a definición da identidade étnica a través do seu uso, o que a fai unha valencia relevante para afrontar o estudo da identidade cultural dun grupo (Bourhis, Giles & Taylor 1977). Pero, á inversa, a identidade inflúe tamén no uso que se fai da linguaxe e nas actitudes cara á lingua (Sachdev & Bourhis 1990).

A teoría da identidade social e moitos outros presupostos derivados dela foron postos en práctica en varios traballos aplicados á lingua para estudala en relación á identidade etnolingüística, ao sistema de crenzas obxectivas e subxectivas dun grupo lingüístico, á elaboración de perfís etnolingüísticos e á percepción da vitalidade etnolingüística de diferentes grupos culturais e lingüísticos. Dentro destas, o valor das teorías da identidade etnolingüística e da vitalidade etnolingüística reside no valor que teñen como preditores condutuais. Algúns dos temas tratados baixo estas perspectivas son o mantemento ou perda da lingua materna, a converxencia ou diverxencia lingüística non encontros multiétnicos, as actitudes cara á aprendizaxe dunha segunda lingua e a competencia académica, etc. Os postulados destes marcos teóricos arrequentan con novos datos o estudo da realidade sociolingüística galega na medida en que:

a VE [vitalidade etnolingüística] dunha minoría étnica se considera un factor determinante para a súa supervivencia como colectividade diferenciada e da VE e a IDE [identidade etnolingüística] un poderoso condicionante das relacións intergrupais” (Recalde 1997: 104-119).

Aínda así, dentro do sistema de crenzas que sostén a vitalidade etnolingüística dun grupo, resultan relevantes para cruzalas coa identidade as que se denominan como *crenzas egocéntricas*, é dicir, as “crenzas persoais” (sobre o que eu creo que se dá) e as “crenzas segundo os obxectivos” (sobre o que eu desexaría que se dese) medidas mediante o cuestionario denominado *BEVQ: Beliefs about Ethnolinguistic Vitality Questionnaire* (Allar & Landry 1986). Un aspecto salientable neste senso son os resultados obtidos no caso galego onde canto maior son as crenzas egocéntricas respecto á forza, ao prestixio e o número de falantes da comunidade da lingua propia máis forte é a identificación etnolingüística co seu propio grupo (Romay 1997: 157).

5. CABO

O Estado español, por se tratar dun estado multilingüe e multicultural, sobresaí na contribución a esta literatura, cuxo punto de atención son as comunidades autónomas con máis dunha lingua oficial. A súa aplicación para a lingua galega achega resultados que avalan moitas das hipóteses xerais destas teorías pero, e sobre todo, que explican en gran medida moitas das tendencias e procesos lingüísticos que se manifestaron ou se están xerando.

O contexto diglósico que viviu o idioma galego e a situación de conflito lingüístico pola que atravesou fan que o noso sexa un caso representativo onde destaca a lingua como elemento definitorio do grupo lingüístico galego e a afirmación idiomática cobre importancia para a construción da identidade. Desta relación deriva o feito de que as persoas cunha identidade galega máis alta sexan as que manifestan actitudes lingüísticas máis favorables cara ao galego (Alvarez, Fernández & Rodríguez 2004: 169-170)

Con todo, sería interesante ollar máis polo miúdo os sistemas de crenzas (sobre todo subxectivas) en relación cos tipos de identidade e vitalidade etnolingüística que se obtiveron nas diferentes aproximacións ao tema no ámbito galego, o cal queda fóra das pretensións deste traballo.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALLARD, R. & LANDRY, R. (1986). "Subjective ethnolinguistic vitality viewed as belief system", en *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 7, 1-12.
- ÁLVAREZ SOUSA, A. (2005). *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*. A Coruña:Servizo de Publicacións, UDC.
- ÁLVAREZ TORRES, A., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C. & RODRÍGUEZ CASAL, M. (2004). "Identidade social e lingua", en Álvarez, R., Fernández Rei, F. & Santamarina, A. (Eds.) *A lingua galega, historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional*, Santiago de Compostela:CCG/ILG, pp. 165-171.
- AZURMENDI AYEGBRE, M.J. (2000). *Psicosociolingüística*. Bilbao:Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco/ Euskal Herriko Universidad del País Vasco.
- AZURMENDI, M.J. & BOURHIS, R.Y. (1998). "Presentación del proyecto de investigación "ICYCABE-1996": identidades culturales y lingüísticas en las Comunidades Autónomas Bilingües (CAB) de España", en *Revista de Psicología Social*, (13) 3, pp. 547-558.
- AZURMENDI, M.J. & GARCÍA, I. (1997). "Configuración compleja de la identidad etnolingüística", en *Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*, pp.9-20. En: <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/index.htm> [consultado o 13-06-2006]
- AZURMENDI, M.J., BOURHIS, R. Y., ROS, M. & GARCÍA, I. (1998). "Identidad etnolingüística y contrucción de ciudadanía en las Comunidades Autónomas Bilingües (CAB) de España", en *Revista de Psicología Social* (13) 3, pp. 559-589.
- AZURMENDI, M.J., GARCÍA, I. & GONZÁLEZ, T. (1998). "Influencia del uso de las lenguas en contacto con la identidad social, en la Comunidad Autónoma Vasca (CAV)", en *Revista de Psicología Social*, (13) 3, pp. 3-10.
- BECK, U. (1998). *¿Qué es la globalización? Falacias del globalismo, respuesta a la globalización*. Barcelona:Paidós.
- BOURHIS, R.Y., GILES, H. & ROSENTHAL, D. (1981). "Notes on construction of a subjective vitality questionnaire for ethnolinguistic groups", en *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 2 (2), 145-155.
- BOURHIS, R.Y., GILES, H., & TAYLOR, D.M. (1977). "Towards a Theory of Language in Ethnic Relations", en H. Giles (Ed.), *Language, ethnicity and Intergroup Relations*. London:Academic Press.
- COLLIER, G., MINTON, H.L. & REYNOLDS, G. (1996[1991]). *Escenarios y tendencias de la psicología social*, Madrid:Tecnos.
- FERNÁNDEZ, MAURO A. (2000). "Cuando los hablantes se niegan a elegir: multilingüismo e identidad múltiple en la modernidad reflexiva", en *Estudios de Sociolingüística* 1 (1), pp. 47-58.
- GILES, H., BOURHIS, R.Y. & TAYLOR, D.M. (1977). "Toward a Theory of Language in Ethnic Relations", en Giles, H. (Ed.) *Language, Ethnicity and Intergroup Relations*, London:Academic Press.
- IGLESIAS ÁLVAREZ, A. & RAMALLO, F. (2003). "Relocalización, identidades e linguas periféricas: o caso galego", en Brigas López, A. & Martín Lucas, B. (Eds.) *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*, Vigo:Servizo de Publicacións, UVI, pp. 117-132.
- LAPRESTA C. & HUGUET, A. (2004). "Identidad etnolingüística en contextos multiculturales y multilingües. El caso del Valle de Arán", en *Revista de Psicología Social*, 19 (2), pp. 173-189.
- LÓPEZ RIVERA, J.J. (1999). "Etnolingüística, antropoloxía lingüística: algunhas propostas recentes", en Álvarez, R. & Vilavedra, D. (Coords.). *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, 2 vols. Santiago de Compostela:Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1999, vol. 1, pp. 565-586.
- PRADILLA, M.A. (2003). "Les representacions del variacionisme en l'àmbit de la llengua catalana. Transferències i transaccions", en *Noves SL. Revista de Sociolingüística*, Tardor 2005, pp. 11-12.
- RECALDE, M. (1997). "La vitalidad etnolingüística gallega", en *Lynx*, 9, 1-35. Valencia:Centro de Estudios sobre Comunicación Interlingüística e Intercultural. (Separata).
- (1997). "O papel da identidade étnica e da vitalidade etnolingüística subxectiva (VES) na configuración da conducta lingüística en Galicia", en *Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*, pp.104-119. En: <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/index.htm> [consultado o 13-06-2006]
- ROMAY, J. & GARCÍA-MIRA, R. (1997). "Identidad cultural y lingüística en Galicia", en *Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*, pp.146-160. En: <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/index.htm> [consultado o 13-06-2006]
- ROMAY, J., GARCÍA-MIRA, R. & AZURMENDI, M.J. (1999). "Identidad etnolingüística y vitalidad etnolingüística en las Comunidades Autónomas Bilingües (CAB) de España", en *Revista de Psicología Social*, 14 (1), 87-106.

- Ros, M., Azurmendi, M.J., Bourhis, R.Y. & García, I. (1999). "Identidades culturales y lingüísticas en las Comunidades Autónomas Bilingües (CAB) de España: antecedentes y consecuencias", en *Revista de Psicología Social*, (14) 1, pp. 69-86.
- ROSS, J.A. (1979). "Language and the Mobilization of Ethnic Identity", en Giles, H., Saint-Jacques, B. (eds.), *Language and Ethnic Relations*, Oxford:Pergamon Press, pp. 1-13.
- SACHDEV, I. & BOURHIS, R.Y. (1990). "Language and Social Identification", en Abrams, D. & Hogg, M.A. (eds.) *Social Identity Theory. Constructive and Critical Advances*, N.Y. Harvester Wheatsheat.
- SHUY, R.W. & FASOLD, R.W. (ed.) (1972). *Sociolinguistic in crosscultural analysis*. Washington:Georgetown University Press, 1-14.
- TAJFEL, H. & TURNER, J.C. (1989[1986]). "La teoría de la identidad social del comportamiento intergrupar", en Morales, J.F. & Huici, C. (Eds.), *Lecturas de Psicología social*, Madrid:UNED.
- TAJFEL, H. (1984). *Grupos humanos y categorías sociales*. Barcelona:Ed. Herder.